

**PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO DO SERVIZO  
DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DO MUSEO DO MAR DE GALICIA**

**Expediente SER/11/19**

**OBXECTO**

O contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de Seguridade e Vixilancia do Museo do Mar de Galicia por espazo de dous anos.

**ANTECEDENTES**

O Museo do Mar de Galicia está composto polas seguintes edificacións situadas na parroquia de Alcabre de Vigo:


1. Conxunto de Naves de exhibición e administración, en dous edificios independentes conectados tanto por unha pasarela superior como por unha galería de instalacións soterrada.
2. Edificio destinado a taberna-bodegón.
3. Edificio destinado a acuario.
4. Edificio destinado a elemento arquitectónico, recordando a un faro.

Xunto con estas edificacións a parcela, duns 14.000 m<sup>2</sup>, está totalmente urbanizada, con luz no seu perímetro.

Pola outra banda, ao abeiro dun convenio subscrito entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Consellería de Cultura e Deporte no ano 2007, a finca colindante co Museo pola súa banda oeste, pertencente noutro á familia Zulueta e cunha extensión de 7.500 m<sup>2</sup>, e que posúe un inmovible, hoxe en día en estado ruinoso, será transferida en breve á Xunta, aumentando á dotación do Museo.

Xunto coas instalacións de Alcabre, ao Padroado da Fundación, reunido o pasado 20 de novembro de 2008, acordou acceder á solicitude da Consellería de Cultura para levar a xestión integral do *Salinae-Centro Arqueolóxico Areal*, situado no soto do edificio do SERGAS da rúa Rosalía Castro de Vigo. Dito centro posúe unha superficie útil de 584,35 m<sup>2</sup> e consta dun pequeno percorrido interpretativo dos restos arqueolóxicos da salina romana descuberta no baixo do edificio citado. O centro non ten vixilante, pero conta cun sistema de cámaras e sistemas anti-intrusión, alarma e sistema contraincendios.

A efectos do presente contrato, todas as fincas, edificios e instalacións serán consideradas como integrantes das dotacións do Museo.



## Horario

Os horarios de apertura ao público do Museo, é o seguinte:

Horario de Verán (15 xuño-15 setembro):

Día	Horario
Luns <sup>1</sup>	Fechado
Martes a venres	11-14 e 17-20
Sábado e domingo	11-21

<sup>1</sup>Agás festivos que rexerá o horario do domingo

Horario de Inverno (16 setembro-16 xuño):

Día	Horario
Luns <sup>1</sup>	Fechado
Martes a venres	10-14
Sábado e domingo	11-19

<sup>1</sup>Agás festivos que rexerá o horario do domingo

O horario que rexerá no Centro Arqueolóxico do Areal-Salinae é o seguinte:

Día	Horario
Luns	Fechado
Martes a venres	10-14
Martes a sábado	11-14 e 17-20
Domingo	11-14

Os días 25 de Decembro e 1 e 6 de xaneiro os centros ficarán pechados. Asemade, os días 24 e 31 de decembro e 5 xaneiro pecharán a medio día (14 horas)

## **DESCRIPCIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE**

O servizo estará composto polo seguinte posto:

- Vixilante de seguridade sen arma:
  - De luns a venres en días laborais: 16 horas de servizo, a realizar de 15 a 7 horas
  - Sábados, domingos e días festivos, 24 horas de servizo

O adxudicatario manterá o persoal de seguridade uniformado e debidamente capacitado para o correcto desempeño das tarefas propias do servizo.

A Fundación poderá acordar a modificación da cobertura, tano en número de vixilantes como no tocante ao horario, previa comunicación ao adxudicatario cunha antelación mínima dunha semana. Dita modificación poderá ter carácter puntual ou estable.

## PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE

Para a correcta prestación dos servizos obxecto deste contrato, a empresa de seguridade debe ter a correspondente autorización administrativa, debendo estar inscritas no Rexistro de Empresas de Seguridade da Dirección Xeral de Policía no momento de presentación das ofertas.

## NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

Alén das cláusulas particulares e condicións técnicas descritas neste prego así como nos anexos, ao adxudicatario seranlle de aplicación o seguinte marco normativo:

- Lei 23/1992 do 30 de xullo de Seguridade Privada
- Real Decreto-lei 2/1999 do 29 de xaneiro, que modifica a Lei 23/1992
- Real Decreto 2364/1994 do 9 de decembro polo que se aproba o Regulamento de Seguridade Privada
- Convenio Marco Colectivo para empresas de Seguridade Privada
- Calquera outra disposición que resulte de aplicación.


## CONDICIÓNS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE

O programa de traballo será fixado entre a Dirección do Museo e o representante da empresa adxudicataria.

O adxudicatario queda obrigado a achegar o equipamento e medios auxiliares que sexan precisos para a boa execución do contrato. A efectos de puntuación, dito equipamento e medios non terán consideración de mellora.

A empresa adxudicataria deberá acreditar, mediante documentación autenticada, que o seu persoal cumpre todos os requisitos esixidos para ser vixiantes de seguridade. Todas as persoas que colaboren co adxudicatario estarán ao servizo exclusivo deste, e non terán relación laboral algunha coa Fundación, debendo este facerse cargo de cantas relacións sociais, laborais e fiscais se deriven da normativa vixente ao respecto das citadas persoas. Porén a Fundación no terá responsabilidade algunha polos danos e prexuízos causados á terceiras persoas e ás instalacións por accións ou omisión dos representantes legais do adxudicatario, do seu persoal contratado para o servizo ou de calquera outro colaborador do mesmo.

En consecuencia, a empresa adxudicataria deberá dispoñer no momento de asinar o contrato, unha póliza de seguros específica que cubra o risco de responsabilidade civil na que poda incurrir o contratante por calquera dano persoal ou material, do que resultaran vítimas á Fundación, os seus empregados ou terceiras persoas, a consecuencia das actuacións dos vixilantes de seguridade no desenvolvemento das funcións encomendadas. O valor de dita póliza ascenderá a 3.000.000 de euros.



## FUNCIÓNS E PROGRAMA DE TRABALLO

A función principal do presente servizo é a vixilancia e protección dos inmobles e mobles que integran o conxunto do Museo do Mar de Galicia, así como a protección das persoas que estean no seu interior, realizando comprobacións, rexistros e prevencións necesarias para o cumprimento da súa misión. A modo informativo e non exclusivo, reputaranse as seguintes accións:

- a) Entradas e zonas exteriores do Museo
  - Evitar a comisión de feitos delictivos ou infraccións, obrando en consecuencia.
  - Identificación de sospeitosos
  - Colaborar coas forzas de seguridade do estado
  - Verificación dos partes de control de entradas de obras de arte e outras mercancías, persoal e visitantes aos espazos restrinxidos do Museo (almacéns, salas e espazos técnicos, zonas administrativas).
  - En función do horario, apertura e peche do centro
- b) Interior do Museo, en relación aos visitantes
  - Manexo e control do CCTV
  - Evitar a comisión de feitos delictivos ou infraccións, obrando en consecuencia.
  - Identificación de sospeitosos
  - Colaborar coas forzas de seguridade do estado
  - Esixencia do cumprimento das normas propias do Museo (prohibición de fumar, conduta correcta do público, acceso a zonas restrinxidas...)
  - Realización das encomendas propias enunciadas no Plan Integral de Seguridade así como nos casos de emerxencias e continxencias
- c) Interior do Museo, en relación ao mantemento de instalacións e edificios
  - De se-lo caso, manexo de extintores e equipamento contra-incendios
  - Revisión, chequeo e manexo de centrais de alarma e instalacións eléctricas así como medios técnicos antiintrusión e contraincendios.
  - Chequeo do funcionamento das portas de seguridade.
- d) Roldas técnicas
  - Realización sistemática de roldas exteriores de vixilancia do perímetro
  - Realización sistemática de roldas interiores
  - Realización sistemática de roldas nocturnas de chequeo y revisión de instalacións e salas.

## MEMORIA TÉCNICA

Os licitadores deberán presentar unha Memoria na que se expoñan de xeito detallado o perfil e experiencia da empresa, organigrama de traballo e melloras, detallando, como mínimo, os seguintes fitos:

- x Perfil da empresa:



- Traballos de seguridade e vixilancia desenvolvidos en Museos e Centros de Arte.
  - Relación de Certificacións de Calidade.
- x Memoria técnica:
- Organización xeral do servizo detallando as funcións do persoal adscrito ao servizo
  - Programa de traballo, indicando sistemas de traballo, planificación, capacidade de desenvolvemento do traballo e cantos datos se estimen oportunos.
- x Medios humanos e materiais:
- Equipo de traballo posto directamente a disposición para o servizo, detallando cualificación técnica, especialización e experiencia de cadanseu.
  - Equipo humano de apoio, detallando detallando cualificación técnica, especialización e experiencia de cadanseu. Tamén se determinarán as funcións da persoa que actuará como delegado.
  - Relación de medios materiais postos pola empresa para o desenvolvemento do traballo.
  - Medios e medidas para garantir o cumprimento da normativa en Prevención de Riscos Laborais.
  - Medios humanos dos que dispón o licitador para facer fronte a posibles eventualidades extraordinarias relacionadas co servizo:
    - ✓ Cobertura de servizos extraordinarios en eventos especiais
    - ✓ Capacidade para facer fronte a situacións imprevistas ou urxentes, determinando tempos de resposta e persoal.
- x Melloras :
- Relación de servizos e/ou encomendas non contempladas e complementarias ás descritas no presente prego consideradas necesarias para o desenvolvemento do servizo e/ou necesarias para optimiza-lo rendemento do servizo de seguridade e vixilancia. Nomeadamente, terán prioridade aquelas mellores que contemplen a mellora dos servizos de seguridade e vixilancia dos espazos anexos ao Museo (lámina de auga, parking e finca Zulueta) así como o Centro Arqueolóxico do Areal. Dita relación deberá describir, xustificar e detallar cada mellora así como achegar o seu valor económico.

## VALORACIÓN DA PROPOSTA TÉCNICA

Terá unha valoración máxima de ata 40 puntos conforme aos seguintes apartados:

- Memoria técnica de desenvolvemento do traballo, conforme a prego, 20 puntos
- Experiencia directa en servizos de Museos, Centros Culturais o Semellantes, 10 puntos
- Sistemas de control de calidade do servizo e homologacións da empresa para desenvolve-los traballos descritos, 10 puntos

O sistema de puntuación terá en conta a claridade e precisión da oferta presentada, en relación aos requirimentos observados no anterior punto e tamén por comparación entre ofertas.


Proposta de melloras: ata 20 puntos

Terán consideración de mellora aqueles servizos e/ou encomendas non contempladas no prego e que sirvan para complementalo. Puntuaranse sobre un máximo de 20 puntos. Dita puntuación terá en conta a utilidade das melloras propostas, sobre todo aquelas que permitan optimizar rendemento do servizo de seguridade e vixilancia, en especial nos espazos anexos ao Museo (lámina de auga, parking e finca Zulueta) e tamén no Centro Arqueolóxico do Areal, así como a contía económica das mesmas.

O órgano de contratación poderá estar asistido pola asesoría técnica que considere oportuna para un mellor análise das propostas presentadas.

**En Vigo, 26 de xaneiro de dous mil once, apróbese o presente Prego Técnico en todos os termos expostos.**

**O Director do  
Museo do Mar de Galicia**



Pablo Carrera López

## ANEXO I

RELACIÓN DO PERSOAL DA EMPRESA ACTUALMENTE ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DO MUSEO DO MAR DE GALICIA, AOS EFECTOS, DE SE-LO CASO, DA SUBROGACIÓN DO PERSOAL

En virtude do establecido no vixente convenio do sector e aos efectos oportunos de subrogación e estimación dos custos laborais achegase a lista do persoal adscrito actualmente ao servizo:

<u>NOME</u>	<u>POSTO</u>	<u>CONTRATO</u>	<u>XORNADA</u>	<u>ANTIGÜIDADE</u>
J.L.M.N.	VIXILANTE	INDEFINIDO	COMPLETA	19/02/1992 (01/09/2010)
D.M.S.	VIXILANTE	INDEFINIDO	COMPLETA	21/03/2006 (21/03/2006)
C.S.F.	VIXILANTE	INDEFINIDO	COMPLETA	01/02/2003 (01/02/2003)

entre parénteses, antigüidade no servizo

